

REUNIÓN DA COMISIÓN DE PERSOAL 12.06.2025

PROPOSTA DE ACORDO PERSOAL PNMT ILLAS ATLÁNTICAS

UGT: A FAVOR CIG: A FAVOR CSIF: A FAVOR CCOO: A FAVOR

UGT valora que en termos xerais o Acordo recolle as achegas realizadas pola Organización, singularmente a equiparación dos niveis dos postos de persoal funcionario creados no ano 2024 adscritos ao servizo Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. **Os tempos de descanso e a organización de traballo interno atendendo ás singularidades do Parque son cuestións relevantes que serán obxecto de seguimento especial por parte da UGT no futuro.**

Entendemos que hai aspectos que, de seguro van seguir formando parte das nosas **reivindicacións na comisión de seguimento do acordo: a extensión do obxecto e ámbito de aplicación do mesmo ás tripulacións e ao colectivo dos e das guías intérpretes** de patrimonio natural, van ser unha das nosas prioridades a futuro.

CONCURSO ORDINARIO PROVISIÓN POSTOS CORPOS E ESCALAS DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL DA ADMINISTRACIÓN XERAL

UGT: ABSTENCIÓN CIG: A FAVOR CSIF: A FAVOR CCOO: ABSTENCIÓN

UGT entende que en aplicación da norma sobre a integración do persoal do CGSIB ao VCCU do persoal laboral da Xunta de Galicia, asinada en marzo de 2017 (DOG 17/06/17), debera terse procedido ao desenvolvemento da aprobación da RPT (aos 3 meses da publicación en xuño do 17) e dunha serie de procesos de provisión (**concurso de traslados da fixas e funcionarización**) e **integración, que están parcialmente inacabados. A responsabilidade foi, é e será da xerencia do CGSIB** por inacción, pero todo elo indubidablemente ten repercusión, unha vez máis, na parte máis débil da cadea, **o persoal que volve a quedar fora dun procedemento de concurso** e á espera de que se concrete a súa definitiva e completa integración.

Igualmente manifestamos que **faltan no buzón unha serie de postos** en Residencias da provincia de Lugo, e podería haber máis nestas circunstancias: ocupadas por persoal en asdrción provisional por causas de saúde, por tanto obrigados a concursar para que así desa forma eses postos vaian ao buzón das resultas, pero á súa vez dito persoal está en destino provisional da OPE do 2019 e da promoción interna do 2017, polo que NON pode concursar. DXFPAP dictamina que **ditos postos quedan fora do concurso, inxustiza para o persoal que ten dereito a concursar.**

MODIFICACIÓN RPT CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

UGT: ABSTENCIÓN CIG: ABSTENCION CSIF: ABSTENCION CCOO: ABSTENCIÓN

A modificación proposta **non dá resposta, entre outros aspectos, a unha demanda historicamente reivindicada pola UGT que é a da equiparación de niveis para persoal titulados ambientais, bióxoxia ou os postos de veterinaria da área de biodiversidade do Servizo de Patrimonio Natural.**

Deixamos constancia da nosa valoración, **unha modificación pouco ambiciosa** que non pode ser apoiada.

O noso voto de abstención logo de amosar o compromiso e a dispoñibilidade a Consellería para afrontar en próximas negociacións a equiparación de niveis do perdoal dos colectivos referidos por UGT.

